



**Plan T.I.C.**

**IES Montecelo**

**(Aprobado no Consello Escolar o 8/02/2013)**

## Índice

---

1.	Introdución .....	3
2.	Estudo inicial do centro .....	3
3.	Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar .....	3
4.	Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos. ....	4
5.	Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe: .....	5
6.	Detección de necesidades formativas do profesorado.....	5



## 1. Introducción

---

Enmarcada nas accións que se dispoñen na Lei orgánica de educación de 3 de maio, procedese a elaborar o presente plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación tanto a nivel de centro como de aula, e coa participación activa de todo o equipo docente.

## 2. Estudo inicial do centro

---

O IES Montecelo dispón de:

- dúas redes:
  - ✓ Cable
  - ✓ rede Wifi
- sete aulas de ordenadores (dúas delas con pizarra dixital),
- pantalla de proxección e proxector en tódalas aulas
- 6 ordenadores na Biblioteca
- ordenadores portátiles a disposición do alumnado
- todo os departamentos dispoñen de cando menos un ordenador portátil
- proxectores e ordenadores portátiles, que poden solicitarse para impartir clase.

Está implantada a folla de reserva da aula multimedia, a solicitude de reparación de equipos informáticos e existen un convenio preferente de mantemento informático cunha empresa da zona.

O centro dispón dunha páxina web dinámica con aula virtual, pero sen desenvolver ó 100%.

## 3. Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar

---

Aparecen formulados e programados, na seguinte táboa, pero o grande obxectivo é poñer en marcha a páxina web do centro e actualizar os contidos na plataforma de formación Moodle (en tódolos niveis educativos) .



Obxectivos	Liñas de actuación	Recursos	Responsable
Manter a páxina web con información actualizada	Nomear responsable web	Redución gardas	Director
	Formación Moodle e Drupal	Grupo de traballo	Coord. Formación
	Recollida de información	CCP	X.D.
Uso das T.I.C. na docencia directa	Fornecer ó alumnado de estratexias na busca de información	Aulas multimedia	Profesorado
	Formación no uso das PDI		Coord. Formación
Optimizar ó uso dos equipos	Mantemento dos equipamentos		Coordinador TIC
	Control do inventario equipos		
Concienciar ó alumnado no uso responsable das TIC	Charlas formativas	Garda civil	Dirección/orientac.

#### 4. Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.

- As coordinacións entre distintos departamentos fanse nas reunións da comisión de coordinación pedagóxica que se reúne, polo menos, unha vez ó mes.
- As colaboracións entre departamentos, materialízanse na organización de actividades conxuntas e establecemento de grupos de traballo.
- Compre habilitar un espazo na páxina web dinámica para a colaboración en rede dende calquera punto con acceso a internet.
- A dirección comunícase co profesorado por e-mail e pon a disposición todos os impresos, documentos e información a través dun servidor o que se pode acceder desde a rede de administración.
- Parte do profesorado está a usar o caderno do profesor dixital.
- O profesorado de PCPI emprega a aula multimedia (previa reserva) para impartir clase.



## 5. Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe:

---

A biblioteca está habilitada para ser usada tanto como biblioteca (lugar de lectura, consulta e préstamo de libros e xogos de mesa educativos) como sala de proxeccións ou lugar de consulta con acceso a internet desde calquera dos seus ordenadores .

Debe ser un obxectivo a corto prazo dotar a biblioteca de lecturas en soporte dixital.

## 6. Detección de necesidades formativas do profesorado.

---

O centro elaborará un plan anual de formación do profesorado a inicio de curso onde se recollan as necesidades de formación que lles dará resposta por algunha destas vías:

- cursos do centro de formación e recursos
- cursos de formación interna cando se dispoña de profesorado con coñecemento na materia
- solicitude de grupos de traballo.

Pontevedra, 8 de febreiro de 2013

A Presidencia do Consello Escolar